

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

ANUNCIO de aprobación inicial do estudo de detalle dunha parcela en San Pedro de Visma (expediente 631/2025/43).

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 17 de decembro de 2025, acordou aprobar inicialmente o documento denominado Estudo de detalle na estrada de Visma a Mazaído, 2. Novembro 2025, promovido por Eusebio Boedo Rey, e redactado polos arquitectos Ursinio Puga González e José Pajarrón López-Sors.

En cumprimento do disposto no artigo 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 194.2 e 207 do seu regulamento, sométese o expediente a información pública polo prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da última das publicacións deste anuncio, no *Diario Oficial de Galicia* ou nun dos xornais de maior difusión na provincia, para que calquera persoa poida examinar o estudo de detalle e formular as alegacións que procedan.

A documentación estará á disposición das persoas interesadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, na epígrafe de publicidade oficial, taboleiro de anuncios e edictos do concello da Coruña, información urbanística; na páxina web de Urbanismo, na epígrafe exposición pública, e no visor de desenvolvemento do Plan xeral de ordenación municipal 2013. Tamén poderá consultarse fisicamente nas dependencias da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda do Concello da Coruña (praza de Indalecio Prieto, 1-3), das 9.00 ás 13.00 horas, de luns a venres.

A Coruña, 27 de decembro de 2025

A alcaldesa
P.D. (Decreto 3531/2024, do 19 de xuño;
BOP núm. 123, do 27 de xuño)
Francisco Dinís Díaz Gallego
Concelleiro delegado responsable da
Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

CVE-DOG: 68zstef3-1oa0-hgv7-9587-a0lkp0ezm7y3

